populares de Caldas de Reis

**CALDAS DE REIS**

Boletín informativo
Abril 2019



# UN NOVO CAMIÑO

## O FUTURO EMPEZA HOXE

# TEMOS UN ALCALDE DE PROXECTOS FARAÓNICOS, PERO EN REALIDADE O CONCELLO ESTA ASÍ

## NO CASCO URBANO



## NAS NOSAS PARROQUIAS



## OS NOSOS PARQUES INFANTÍS



Vendo estas imaxes e evidente que sobran os comentarios, este concello está abandonado e calquera persoa que leve tempo sen estar en Caldas de Reis cando ven volta asustado.
O mantenemento é a asignatura pendente, inaugúranse obras nos meses anteriores ás eleccións e logo abandónase por completo.

## "CALDAS QUEN TE VIU E QUE TE VE"

## XARDÍNS

Recuperar o noso fermoso Xardín Botánico, considerado un dos mellores de Galicia, declarado Paraxe Pintoresco e Xardín Histórico polo decreto 5/09/1962. O seu estado é lamentable.








Recuperación do emblemático Xardín do Asilo, ca súa paxareira, para o uso e disfrute dos vecinos; e poder voltar a realizar nel as actividades do Nadal.





## OS NOSOS RÍOS

- Eliminación das algas no tramo urbano dende os choróns ata desembocadura do Rio Bermaña.
- Recuperación das zonas de baño solicitando a súa legalización especialmente no Malecón e Praia Fluvial.
- Recuperación do entorno dos Choróns, cunha zona de ocio, embarcadeiro e escenario natural.
- Acometer en profundidade solucións ao problema da microcistina.
- Limpeza da ribeira do río para eliminar os sedimentos.
- Eliminación de todas as verteduras aos nosos ríos.






# PON EN PERIGO OS SERVIZOS COMARCAIS, E SEGUN QUEN GOBERNE É MÁIS ESIXENTE OU NADA ESIXENTE (CANDO GOBERNAN OS SEUS)



populares de Caldas de Reis

www.ppcaldas.es

**NOTA DE PRENSA:**

**En relación coa lamentable calificación de "okupa" a un servizo tan importante como a oficina Agraria Comarcal de Caldas de Reis que pon en perigo a permanencia en Caldas dun servicio tan importante.**

O edificio do Centro Comarcal construeuse sobre unna parcela cedida voluntariamente polo Concello de Caldas de Reis, a construcción pagouna íntegramente a Xunta de Galicia sen ter que poñer ni un só céntimo o Concello de Caldas de Reis.

Cuando o Concello de Caldas de Reis estivo realizando obras na casa do Concello a Xunta de Galicia cedeulle gratuitamente (non pagaron nin os gastos por usos como enerxía, auga, etc.) parte das suasinstalacións para que poideseutilizalas, concretamente instalousealí o departamento municipal de Cultura, e pese a non ter ningún documento asinado non se llecalificou en ningún momento de okupas.

En Xaneiro de 2018 a Consellería de Facendaremitelle o Concello de Caldas de Reis un convenio para regular o uso dunha parte do inmoble pola Oficina Agraria Comarcal (OAC) é o Alcalde, ademáis de facer caso omiso, adicase a plantexar alternativas surrealistas, que si o edificio das antigas oficinas de Dragados de cando se construeu o encoro en San Andrés, que si a planta primeira do edificio social de Outeiro-Bemil, que si un baixoo particular do edificio de VPO da Tafonaónde Medio Rural poñía os materiais e operarios municipaisfacían a obra, etc. unha retahíla de disparates, pero propostas serias ningunha.

**Pero é que pese a ceder o edificio oConcello no ano 2014 é pese a utilizalo reiteradamente (clases no sótano, formación en planta primeira, oficina turística en planta baixa, matrona, etc.) nunca foiquen de pagar, nin pago, un peso, ni polomantemento do ascensor, nin pola enerxía eléctrica, nin de calefacción, nin de mantemento en xeral; ni un céntimo de gastos do inmoble.**

**Pero a maioresna nota de prensa acusa a Oficina Agraria Comarcal de estar de okupa e de ter o inmoble abandoado,** as duas cosas non poden ser, se dí que está de okupa será porque a propiedade é municipal dende ó 2014 e polo tanto é único e exclusivo responsable da sua deplorable e lamentable estado.

**Pero surxe otra dúbida ¿Como é que o edifico pese a estar ocupado por catro usos diferentes actualmente, turismo, OAC, Matrona e formación no sótano, só molesta e está de okupa a OAC?, especialmente temos que ter en conta que o servizo de matrona instalousexaco edificio cedido, e todo elo gracias as presiónsna prensa das mulleres afectadas.**

**Por certo, a situación é tan surrealista que Agader, dependente de Medio Rural pon vía subvención 60.719,22 euros para o proxecto de reforma, como centro de peregrinos que o Alcaldequere realizar e que vai a costar mais de 130.000,00 euros para por mesas e sillas para os peregrinos no inmoble que non se sitúa no Camiño Portugués.**

O mais importante: **Os veciños de Caldas de Reis e a su Comarca corremos o risco serio e certo, de que perdamos un servizo tan importante como é a Oficina Agraria Comarcal dotada de cinco persoas da plantilla (actualmente unha praza esta vacante), e que ademáis é un dos servizos nos que exercemos de cabeceira de Comarca, todo pola mais absoluta das incompetencias dun Alcalde, e corremos o risco certo posto que en este momento Medio Rural ten o ofrecemento de tres concellos da Comarca, dous de eles con moito menos orzamento que o noso, que están tan interesados no servizo que poñen a disposición de Medio Rural un local adecuado sen coste algún.**

**Non entendemos tampouco as presas tendo en conta que o expediente administrativo de adxudicación das obras non está nin escomenzado, só se entende porque estamos en precampaña.**

**NOS IMOS A TRABALLAR PARA NON PERDER ESTE SERVIZO EN CALDAS DE REIS, PORQUE É FUNDAMENTAL PARA A NOSA XENTE DO CAMPO, PORQUE SON CINCO PERSONAS TRABALLANDO EN CALDAS, E PORQUE FAI LIDERAZGO DE COMARCA.**

C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº3-5 1º -36.650 Caldas de Reis (Pontevedra)
Teléfono de contacto: 621224620 - Email: info@ppcaldas.es



Nós imos traballar para non perder o servizo da Oficina Agraria Comarcal porque é fundamental para a nosa xente do campo.

## REHABILITACIÓN INTEGRAL DA PONTE DA FERRERIA



Nos esiximos, goberne quen goberne en Madrid, que se acometa un ambicioso proxecto de rehabilitación integral desta fermosa, e tan importante, ponte do noso Pobo.



populares de Caldas de Reis

www.ppcaldas.es

NOTA DE PRENSA

**ASUNTO: As obras que se están executando na ponte da Ferrería.**

Estos días de precampaña electoral as, e os, veciños de Caldas de Reis estamos a asistir estupefactos a realización dunhas obras de chapa e pintura, nunca millor dito, na baranda da ponte da Ferreria por parte de operarios enviados polo Ministerio de Fomento.

**Dende os Populares de Caldas de Reis queremos deixar constancia que existe unha resolución plenaria é unánime do Concello de Caldas de Reis onde se pedía a rehabilitación integral da ponte da Ferrería, que consistía en limpeza da pedra, alumeado, alineación das pedras das beirarrúas e da baranda, con traballo de forxa sobre esta última, así como a sustitución da capa de rodadura.**

Esta era a esixencia na que estábamos todos de acordo, de feito viñeran uns operarios a realizar labores de mantemento das beirarrúas da ponte e o Alcalde foi a requerirlle que deixaran os traballos posto que os consideraba unha chapuza, pero claro, en Madrid daquela gobernaba o Partido Popular, e agora goberna o PSOE.

**Nos esiximos, goberne quen goberne en Madrid, que se acometa un ambicioso proxecto de rehabilitación integral desta fermosa, e tan importante, ponte do noso Pobo, e por tanto esiximos o cumplimento do acordo unánime do noso Pleno, e non imos permitir parches electorais, todo elo porque é de xustiza e porque é necesario para garantir a seguridade de peatons e de conductores.**

**E tendo en conta a chapuza que se está a facer e que simplemente e un retoque estético, que para nada garantiza a seguridad dos peatóns, e polo que denunciamos públicamente esta chapuza e indicamos que ante calquera accidente provocado polo lamentable estado de seguridade da ponte consideraremos directamente responsable o Ministerio de Fomento e subsidariamente o Alcalde por permitir este remendo electoralista.**

En Caldas de Reis a 1 de Marzo de 2019

C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº3-5 1º - 36.650 Caldas de Reis (Pontevedra)
Teléfono de contacto: 621224620 - Email: info@ppcaldas.es

# COMO XESTIONA ESTE EQUIPO DE DES-GOBERNO O NOVO CENTRO DE SAUDE




Panfleto do PSOE
eleccións municipais de 2011

No ano 2011 repartiron panfletos decindo que o Centro de Saúde só podía construírse na Tafona, e que a Escola de oficios non era viable porque afectaría ao comercio e á hostelería . os veciños non poderían ir a pé e non terían aparcadoiro.

Oito anos despois din que é o mellor sitio. A isto chámaselle ter criterio!

O 29 de abril do 2011 o pleno de Caldas de Reis decidiu por maioría, 7 votos a favor ( PP, ICDR, BNG) contra 5 (PSOE) anular a cesión dos terreos da Tafona por ser anegables. O alcalde non fixo nada e así perdemos 6 anos.

## AGORA ÉNTRANLLE AS PRÉSAS, PERO NI CONTESTA AO SERGAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Dirección Xeral de Recursos Económicos

Ref.: patrimonio/rgv

Nestes momentos estase a traballar na elaboración dos orzamentos deste organismo para o vindeiro ano 2019.

Por tal motivo, e co fin de poder reservar os créditos necesarios para a construción dun novo centro de saúde nese concello, solicitamos que, a maior brevidade posible, nos confirmen a dispoñibilidade dun terreo axeitado para tal fin.

A directora xeral de Recursos Económicos
Sinatura dixital
Mª Jesús Piñeiro Bello

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 05/09/2018 11:41:58
SAÍDA 16172 / RX 1284289

CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Documento firmado digitalmente por: Piñeiro Bello, María Jesús: 05/09/2018 09:45
E4C4-BOAH-OFH4-FF15-3613-3543-282

---

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Dirección Xeral de Recursos Económicos

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 17/10/2018 13:16:27
SAÍDA 19010 / RX 1503799

REXISTRO XERAL
19 OUT. 2018
ENTRADA Nº 6191

Ref.: Patrimonio/BCC

En relación á parcela presentada por ese Concello propiedade de D. Manuel Piñeiro Froján e Dona Herminia Pérez Vázquez, informamos que analizada a mesma parece ter a viabilidade necesaria para a asistencia sanitaria, tendo algúns inconvenientes que sería necesario resolver entre as administracións.

De acordo coa información sanitaria serían necesarios 2.300 m2 de edificabilidade, tendo a parcela proposta, segundo a información transmitida polo concello, 8.000 m2, e ademais semella que non é inundable. Cousas que conviña foran acreditadas mediante información urbanística aportada por ese concello e na que se debe engadir o estándar de aparcadoiro.

Tamén sería necesario que o Concello determinase a posibilidade de completar a urbanización dos viarios de acceso ao futuro centro de saúde co obxecto de que este non sexa unicamente polo estrada nacional, xa que por motivos de seguridade non parece adecuado. Así mesmo é necesario que se estude un itinerario accesible peonil dende o núcleo urbano que facilite a chegada ao centro por todo tipo de usuarios.

A maiores, informamos de que o construído é inservible coma centro de saúde, polo que o Servizo Galego de Saúde pode asumir o custe de derribo, non así a asunción económica do xa construído. O Concello ten que ceder a parcela ao Servizo Galego de Saúde de forma gratuíta, libre de cargas e asumindo os custes da rede de sumidoiros, tomas de auga, luz, telefonía, e prazas de aparcamento.

A directora xeral de Recursos Económicos
(sinatura dixital)
Mª Jesús Piñeiro Bello

Concello de Caldas de Reis

Documento firmado digitalmente por: Piñeiro Bello, María Jesús: 17/10/2018 12:09
E4C4-BOAH-OFAA-7Y15-3977-0984-090

---

CALDAS DE REIS

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2018.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE: SR. ALCALDE**
**DON JUAN MANUEL REY REY**

**CONCELLEIROS:**

**SECRETARIA XERAL:**

Na Casa do Concello de Caldas de Reis (Pontevedra), sendo as dezanove horas e cinco minutos do día oito de novembro de dous mil dezaoito, reúnese a Xunta de Goberno Local ó obxecto de celebrar en primeira convocatoria, sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, Don Juan Manuel Rey Rey, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros, Dª Mª actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona que dá fe do acto.

Na páxina 7 desta acta consta

-Escrito da Conselleria de Sanidade, Dirección Xeral de Recursos Económicos, rexistro de entrada nº 6191, informando que a parcela propiedade de Dº e Dª parece ter a viabilidade necesaria para a asistencia sanitaria, tendo algúns inconvenientes que sería necesario resolver entre as administración. A maiores, informa de que o construído é inservible coma centra de saúde, polo que o Sergas pode asumir o custe do derribo, non así a asunción económica do xa construído. O concello ten que ceder a parcela ao Sergas de forma gratuíta, libre de cargas e asumindo os custes da rede de sumidoiros, tomas de auga, luz, telefonía, e prazas de aparcamento.

**A Xunta de Goberno Local dáse por informada.**

Lo que se fixo dende entón: NADA

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0008 Data: 19/11/2018

JUAN MANUEL REY REY (2 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 19/11/2018

**Concello de Caldas de Reis**
C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

# A MENTIRA, O GRAN LEMA DO ALCALDE




A SÚA INEFICACIA É PATENTE NO POBO. POR TER, TENNOS A ESCURAS

E agora propoñémosche un xogo, como exemplo ilustrativo. Colle un bolígrafo, marca os compromisos cumpridos polo PSOE en Caldas de Reis que levaba no seu programa de Goberno do 2015 en infraestructuras (poderiamos coller calquera outra das súas promesas e sería o mesmo):

| SI | NON |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

## 2015 - 2019

**PSOE** **PROGRAMA ELECTORAL**

*"Infraestruturas".*

- Traslado do Centro médico coa oferta de máis especialidades: odontoloxía, matrona, ...
- Polígono comarcal de bombeiros en Paradela.
- Construción da variante sur.
- Mellora da estrada Aboy-San Clemente.
- Apertura de novas rúas e continuación do plan de mellora do alumeado público.
- Construción de beirarrúas dende Juan Fuentes ata Veigas de Almorzar, do Pazo a Tivo, dende O Cachizo á Carballeira de San Xusto e do Regengo á Volta da Pedra en Godos.
- Incremento da superficie de aparcamento público e gratuíto.
- Ponte peonil sobre o río Umia que una o Camiño Portugués coa Tafona.
- Reforma integral do Auditorio Municipal.
- Centro cultural no Paseo Román López.

PONLLE NOTA: CERO MOI DEFICIENTE - 10 MATRÍCULA DE HONRA

## PODES SEGUIR ASÍ, OU APOIAR UN PROXECTO DE FUTURO

# UN NOVO CAMIÑO

## ALGÚNS DOS COMPROMISOS QUE CONSEGUIREMOS PARA O CALDAS DE MAÑÁ

### INFRAESTRUCTURAS




Novo edificio dos xulgados, cunha nova ubicación.

Un novo e moderno Centro de Saúde dotado de novas intalacións.





Recuperación das Baldosas (paseo Román López) para os peóns.

Construción no centro do pobo dunha oficina de Información e Turismo.





Creación dunha zona deportiva entorno ás Corticeiras, con novos accesos para vehículos e peóns.

Saneamentos pendentes, Paradela, Monte Meán, Veigas de almorzar.






Unha nova ronda urbana cunha nova ponte sobre o río Umia.

# OUTRAS ACTUACIÓNS



Rematar a concentración parcelaria de SAIAR e GODOS, e iniciar actuacións en BEMIL.

Completar o nudo de CARRACEDO de AP.






Crear chan industrial, solucionar problemas de MONTE MEÁN e VEIGAS DE ALMORZAR.

Desenrolo do proxecto da FÁBRICA DA LUZ en Segade.





Actuacións de mellora no Camiño de Santiago.

Substituír todas as farolas deficientes do Concello, especialmente rúa Sagasta, José Salgado, Laureano Salgado, Avenida Dolores Mosquera e Rúa Real, mellorando a iluminación.





Apoio económico (vía bonificacións, e reducións de taxas) ao comercio, hostelería e industria para axudar ao seu desenvolvemento.

Ampliación do Instituto con novo edificio e módulo de FP.




## PARA TODO ELO, XA ESTAMOS TRABALLANDO



Augas de Galicia



Educación



Sanidade



Sergas



Presidencia

populares de Caldas de Reis

www.ppcaldas.es
Facebook: ppcaldasdereis
Instagram: popularescaldasdereis
Twitter: @PPCaldesdereis